



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Física

Curso Académico:2015 /2016

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Página 1 de 37

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
3. Plan de Melloras do Centro	13
4. Anexo: Informes de seguimento	32

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 2 de 37

1. Introducción

A misión fundamental da Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela é proporcionar unha formación de grao e postgrao que garanta que o alumnado adquiera os coñecementos e competencias necesarios para desenvolverse con habilidade nos distintos sectores profesionais aos que un titulado en Física ten acceso, incluíndo entre eles a carreira investigadora.

O equipo decanal asume a importancia imposta aos procesos de calidade na formación dos seus estudantes, e por elo marcouse como o obxectivo a consolidación dunha cultura de calidade exercida eficientemente. Isto implica a simplificación dos procesos asociados para que non actúe en detrimento do bo desenvolvemento das actividades docentes de cada unha das titulacións e do funcionamento do centro, en xeral.

Como eixo fundamental da súa política de calidade, a Facultade realizará os esforzos necesarios para intentar satisfacer as necesidades e expectativas, que sexan razoables, dos seus estudantes, do seu personal docente e investigador e do seu personal de administración e servizos, sen esquecer as dos órganos de goberno da Universidade e as da sociedade en xeral. Para elo asume o compromiso de utilizar eficazmente todos os recursos que teña a súa disposición.

Na Facultade de Física impártense catro titulacións:

- Grao en Física
- Master Universitario en Física
- Máster en Enerxías renovables e sustentabilidade enerxética
- Máster en Fotónica e tecnoloxía do láser (interuniversitario, coordinado pola Universidade de Vigo)

Asimesmo, oferta dous dobres Graos:

- Dobre Grao en Física e Química
- Dobre Grao en Matemáticas e Física (adscrito á Facultade de Matemáticas)

Para o desenvolvemento do SGIC, a Facultade conta co equipo decanal así como coa estrutura de comisións delegadas da Xunta de Facultade con competencias en docencia, asuntos económicos ou infraestruturas, coa Comisión de Grao e coa Comisión de Calidade do centro. A aprobación do PDA, horarios, oferta de prácticas externas e a oferta de mobilidade faise através da Comisión de Docencia. A revisión das programacións docentes e a coordinación docente é competencia da Comisión de Grao. Todos os procedementos relacionados coa materia de Tránsito de Fin de Grao trátanse no seo da Comisión de TFG.

No caso dos Masters estas competencias son asumidas pola Comisión Académica correspondente.

A composición da Comisión de Calidade é a seguinte:

- Decano/a ou Director/a do Centro (presidente/a).
- Responsable de Calidade do Centro (RCC).
- Coordinador/a de cada unha das Titulación/s que se imparten no centro.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 3 de 37

- 1 membro do PAS (Responsable da Unidade de apoio a centros e departamentos).
- Alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a).
- Representantes de cada un dos departamentos adscritos á Facultade.

Ao longo do último ano celebráronse catro reunións desta comisión co obxectivo de aprobar o manual simplificado do SGIC e da realización e aprobación dos informes de seguimento das titulacións do centro correspondentes ao curso 2014/15.

20 de novembro de 2015:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Aprobación, se procede, dos Informes de Seguimento do Título de Grao da Facultade de Física. Curso 2014/15.
4. Aprobación, se procede, dos Informes de Seguimento dos Títulos de Máster da Facultade de Física. Curso 2014/15
5. Rogos e preguntas

17 de marzo de 2016:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Física. Curso 2014/15.
3. Rogos e preguntas

20 de maio de 2016:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Elaboración do plano Estratéxico da Facultade de Física.
3. Rogos e preguntas.

27 de xullo de 2016:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación do Plano Estratéxico da Facultade de Física 2016-2020.
3. Rogos e preguntas.

Unha das competencias específicas da Comisión de Calidade é elaborar a Memoria de Calidade para a súa tramitación na Xunta de Facultade. O equipo decanal, reunida a información necesaria, debe elaborar un informe que é discutido no seo da Comisión de Calidade e que constituirá a Memoria de Calidade do Centro. A elaboración da dita Memoria de Calidade susténtase na seguinte documentación de referencia:

- Normativa autonómica e estatal.
- Normativa xeral da USC.
- Memoria do Grao en Física.
- Memoria do Master en Física.
- Memoria Máster en Enerxía renovables e sustentabilidade enerxética.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 4 de 37

- Outros regulamentos (Cualificacións, Tralallo Fin de Grao, Tralallo Fin de Máster).

A Memoria de Calidade correspondente ao curso 15/16 someteuse a aprobación da sesión da Comisión de Calidade do 6 de marzo de 2017, e na sesión extraordinaria da Xunta de Facultade celebrada na mesma data.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 5 de 37

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

A política de calidade

A política de calidade descrita no Manual de SGIC simplificado goza de plena vixencia. Respectando os seus principios fundamentais de responsabilidade, integración, participación e igualdade, orientación ao alumno, excelencia e transparencia, o centro márcouse unha serie de obxectivos de calidade máis concretos:

- Implantar eficientemente o SGIC.
- Fomentar a participación dos grupos de interés, procurando que a Política de Calidade sexa entendida e aceptada por todo o persoal da Facultade.
- Difundir a Política de Calidade ao público en xeral.
- Garantir unha oferta estable de grao e máster.
- Garantir o bo funcionamento dos dobres graos.
- Manter e mellorar os canles de información horizontal e vertical a través dos mecanismos de coordinación docente, xa moi consolidados, en cada unha das titulacións.
- Impulsar a mellora continua das titulacións impartidas na Facultade, garantizando un nivel de calidade que asegure a súa acreditación, mediante a revisión sistemática dos indicadores establecidos no SGIC.
- Xestionar racional e eficientemente os recursos dispoñibles.
- Establecer unha recollida sistemática de información que logo da súa avaliación e revisión permita unha toma de decisións fundamentada e eficaz destinada á introducción de accións de mellora nos distintos procesos que contempla o SGIC.

Evolución e Grao de Cumplimento do Plan Estratéxico da Facultade de Física

O Plano Estratéxico elaborouse durante o segundo semestre do curso 2015/16. Aprobouse en Xunta de Facultade o 29/7/2016. Tras esta aprobación remitiuse á Area de Calidade para unha segunda revisión previa a aprobación por Consello de Goberno. Fíxose unha revisión da análise DAFO.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 6 de 37

<p>DEBILIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descompensación entre a oferta e a demanda dalgún máster. • Deterioro dos laboratorios. • Problemas de mantemento de aulas. • Escasez de espazos para atender as necesidades dos alumnos de Grao. • Ausencia de Técnico de Informática destinado no centro . 	<p>AMEAZAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incerteza nas condicións normativas da oferta docente. • Falta de financiamento para a renovación de equipos informáticos, medios audiovisuais e prácticas de laboratorio • Pouco arraigo da política de I+D nas institucións e empresas. • Area de influencia con pouco tecido empresarial • Conxelación da promoción do PDI e PAS • Conxelación na incorporación de PDI novo e envellecemento da plantilla.
<p>FORTALEZAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Oferta formativa de grao e posgrao. • Elevada demanda do Grao en Física e dobres graos • Oferta de practicas externas. • Ampla oferta de mobilidade para o alumnado. • Estructura consolidada de coordinación docente horizontal e vertical. • PDI altamente cualificado. • Intensa actividade divulgativa do PDI. • Mecanismo consolidado de renovación e dotación de laboratorios. • Laboratorios de investigación competitivos, con proxectos de gran envergadura e relacionados con I+D innovadores. 	<p>OPORTUNIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> • Campus Vida de Excelencia internacional • Redes nacionais e internacionais docentes e investigadores • Novas formulas de xestión de recursos humanos (ERC Grants...) • Novas formulas de captación de fondos Impulsando a transferencia tecnolóxica

Como xa se indicou na Memoria de Calidade do curso 2014/15 moitas das fortalezas detectadas son consecuencia de accións de mellora propostas dende o curso 2010/2011:

- As orientadas a incrementar a mobilidade estudiantil nacional e internacional tales como a difusión de información e sinatura de novos convenios.
- As destinadas a compensar a oferta e demanda nalgunhas titulacións. No Grao en Física, acordouse limitar o número de prazas de novo acceso a 100 coa

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 7 de 37

intención de adecuar o número de estudantes aos recursos materiais disponibles. As actividades de promoción institucional vía o programa A Ponte ou as de divulgación científica favoreceron que a oferta se cubrirá no mes de xullo, evitándose así os problemas de incorporación tardía de estudantes que realizaron as probas de selectividade en setembro. Esta nova situación mellorou os indicadores de rendemento académico.

- As destinadas a clarificar o proceso de adaptación da licenciatura ao Grao.
- As destinadas á coordinación horizontal e vertical.
- As destinadas a establecer un modelo propio de ensinanza-aprendizaxe por exemplo adaptando os PDA aos recursos materiais e humanos dispoñibles, e a promover o recoñecemento das actividades de titorización.
- As destinadas a mellorar a medición da satisfacción dos grupos de interés incidindo na importancia do número de cuestionarios realizados e da desviación típica á hora de facer a análise.
- As destinadas a realizar unha xestión eficiente dos recursos tanto as que implican dotación e renovación de laboratorios como mantemento do centro.

Un dos datos máis satisfactorios é a alta demanda do Grao en Física e nos dobres graos en Física e Química e en Matemáticas e Física. Segue a tendencia a alza da nota de corte para acceder ao Grao en Física que pasou de 5.680 no 2013/14, a 7.348 no 2014/15 e 9.018 no 2015/16 segundo datos proporcionados pola C.i.U.G, así como á nota media dos alumnos de novo ingreso (que pasou de 9,45 no 2013/14, a 9.98 no 2014/15 e 10.98 no 2015/16). No primeiro ano de impartición o dobre grao en Matemáticas e Física acadou unha nota de corte de 13.084 (a máis alta do SUG) e o dobre Grao en Física e Química de 9.854. Atribuimos, en gran parte, a este contexto a mellora dos indicadores de rendemento académico que se detecta na maioría das materias do primeiro curso, se temos en conta o conxunto completo de alumnos en cada materias (matriculados no grao en Física máis os matriculados nos dobres Graos).

Na situación contraria atópanse os Másters, ningún deles acadou a matrícula requerida no decreto de titulacións da Xunta de Galicia poder ofertarse durante o curso 2016/17. O único autorizado foi Máster Universitario en Física, pero todos deben deseñar un plan de viabilidade que conleva un modificación menor ou maior das Memorias de Verificación. O Máster en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética tramitou unha modificación. O Máster en Física tramitou unha modificación menor consistente no reforzo da formación en fotónica e láser debido a desascripción do Master en Fotónica e Tecnoloxías do Laser acordado pola Xunta de Facultade do 29 de abril de 2016. A mesma Xunta de Facultade acordou tamén a incorporación de formación de carácter máis tecnolóxico artellada en torn a un ou máis itinerarios tecnolóxicos. Con isto xunto coa ampliación de convenios con empresas para a realización de prácticas externas preténdese fomentar a relación das titulacións da facultade co mundo empresarial.

A implantación dos dobres graos en *Física e Química* e *Matemáticas e Física* esixiu esforzos adicionais, en particular, no tocante á coordinación entre centros (horarios de clases, calendario de exames). Os indicadores de resultados, como se comenta no informe de Seguimento do Grao en Física, son moi satisfactorios. Na seguinte Táboa poden verse as

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 8 de 37

taxas de avaliación, éxito e rendemento dos dous dobres graos e do Grao en Física (nestas non computan os alumnos das dobres titulacións).

Titulación	Taxa de avaliación	Taxa de éxito	Taxa de rendemento
Física e Química	92.22	84.34	77.78
Matemáticas e Física	100	98.35	98.35
Física	83.28	73.17	64.86

Para facer unha análise realista da repercusión desta titulación nos indicadores do Grao en Física, consideramos que se debería facer un estudo adicional no que a totalidade dos alumnos do dobre Grao computaran integramente nas materias nas que se matriculan. A efectos de matrícula no grao en Física computa o 50%.

Nos indicadores de resultados do Grao en Física estes alumnos non son tidos en conta, o que pode distorsionar algúns indicadores sobre todo a nivel de materia. Por exemplo un indicador que se viu afectado foi o IN-05-PC-05 Variación matrícula inicio de estudos: pasou dun 6.45 no curso 2014/15 a un -13.76 no curso 2015/16, debido a que non computan os alumnos dos dobres graos e a oferta de prazas do Grao reduciuse a 90. A nota media de acceso por preinscripción (IN06-PC-05) tamén se ve afectada (10.98 no Grao en Física, 11.90 no Dobre Grao en Física e Química e 13.40 no Dobre Grao en Matemáticas e Física).

Os indicadores de resultados e a súa análise pode consultarse nos informes de seguimento que se achegan a esta memoria. Un dos que mellorou con respecto aos cursos anteriores foi a Taxa de abandono durante o primeiro curso do Grao (IN40G-S01-PM-01) que de situarse no entorno do 30%, o curso 2015/16 descendeu ata un 18.75%. Mentres que a taxa de abandono definida segundo o RD 1393 (IN41G-S01-PM-01) e moi alta, 49.59%. A Taxa de eficiencia dos Titulados (IN39G-S01-PM-01) ven experimentando unha tendencia á baixa (98.94%, 94.93% e 88.23% nos tres últimos anos) que é común a case todas as titulacións de Grao da USC.

Con respecto á demanda dos másteres, datos correspondentes ao curso 2015/16 indican que un 37.45% de estudantes do Grao en Física transita aos tres Másteres ofertados. Os indicadores de resultados dos másteres se analizan nos correspondentes informes de seguimento. En calquera caso, está dispoñibles no seguinte enlace: <http://www.usc.es/es/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html>.

Información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións así como das súas necesidades e expectativas.

Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. Por elo, desde o centro, intentamos incentivar a todos os grupos de interese a que realicen as enquisas de satisfacción, aínda que a porcentaxe de participación é

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 9 de 37

mellorable. Dende o decanato envíanse mensaxes electrónicas recordatorias durante os prazos abertos. Incrementar esta porcentaxe é unha acción de mellora para este curso. A avaliación da docencia intégrase dentro da procura da mellora continua da calidade dos ensinos, e inclúe por unha banda a análise da satisfacción dos estudantes coa docencia que reciben e, por outra, a satisfacción do profesorado que a imparte. Satisfacción dos grupos de interese

Indices de satisfacción do estudantado coa docencia recibida

A participación nas enquisas, como xa comentamos anteriormente, segue sendo mellorable na Facultade, malia seguir as indicacións da Universidade en canto a información e difusión das mesmas aos grupos de intereses alumnos, titores, persoal de administración e servizos e profesorado) a través dos medios de información dispoñibles. Esta participación sitúase en valores que fluctúan entre o 35% e o 40%, sen unha tendencia evolutiva clara nin ao alza nin á baixa. Creemos que estes índices deben mellorarse, para o que imos realizar unha acción de mellora (AM-7 16-17) consistente nunha campaña de fomento da participación a través dos coordinadores de curso e alumnado do programa de titores.

A valoración media de todos os ítems da enquisa para o Grado en Física foi de 3.65 o último curso. Non se observa unha variación significativa que non poida considerarse unha fluctuación estatística durante os últimos cinco cursos en que os valores están nunha banda entre 3.54 e 3.87. As valoracións máis altas parecen estar na explicación e cumprimento das programacións das materias e avaliacións e tamén en canto á resolución de dúbidas por parte do profesorado. As peores valoracións atópanse nas respostas relativas ao desenvolvemento da capacidade de transmitir información, a proposta de actividades para favorecer a aprendizaxe autónoma e a motivación para a participación crítica nas clases. A mellora das canles de comunicación entre o estudantado e a dirección do centro pode contribuír a aumentar estes índices de satisfacción.

As enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida no Máster de Física no curso 2014-2015, mostran unha valoración media de 3,58 sobre 5 participando o 66,67% do alumnado na elaboración de devandita enquisa. Non se dispón de datos relativos ao curso 2015-2016 que nos permitan realizar unha análise comparativa, xa que non se cubriu ningunha enquisa.

As enquisas de satisfacción do estudantado no Máster en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética, danos unha valoración media dun 4,78 sobre 5, dato que, confirma o incremento porcentual sobre o que se ten recollido en cursos anteriores (3.75 no 2014/15 e 2.90 no 2013/14). Os nosos alumnos valoran moi positivamente a coordinación entre os distintos profesores/as da materia cun 5.00, o que xuntamente coa valoración da explicación da programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo das distintas actividades así como axuda recibida nas titorías (ámbolos dous valorados cun 4.92) reflicten a total implicación do PDI da titulación na impartición dunha docencia de calidade.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 10 de 37

Índices de satisfacción del profesorado na docencia impartida

No Grado en Física, é de 3.94, moi similar ao do ano anterior. A porcentaxe de participación sitúase nun 37.38% e aínda que non é elevado, evolucionou ao alza nos últimos anos. Os profesores dan as valoracións máis baixas ao nivel con que chegan os alumnos e á participación dos mesmos nas clases. Os mellores resultados son para a coordinación entre profesores da mesma materia, a relación cos alumnos e os materiais, servizos de apoio e recursos para a docencia.

O interese en recibir formación de apoio en novas tecnoloxías e en pedagogía xeral é elevado, entre o 70% e o 80 % aínda que parece diminuír lixeiramente nos últimos cursos. A valoración das actividades formativas é moi boa, situándose por encima de 4 puntos sobre 5 en cada un dos últimos cinco cursos académicos.

No Master de Física , as valoracións medias son máis elevadas, en concreto un 4,23 /5 no curso 2015/16, o que indica un grado de satisfacción moi alto, aínda que a participación descendeu con respecto ao curso anterior (26.56% e 40.30%) Son interesantes as valoracións dos ítems que están relacionadas coa adquisición de competencias:

- Os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases? (4.29/5)
 - Estou satisfeito/a co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases? (4.33/5)
 - Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e nas tutorías? (4,48/5)
- No Master en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética recollese, en relación cos cursos inmediatamente anteriores, un incremento á alza na valoración media da enquisa con un 3.98 sobre 5, sendo os valores reflexados para os cursos 2013/14 e 2014/15 dun 3.5 e dun 3.89 respectivamente.

Índices de satisfacción de egresados

Os resultados de satisfacción de egresados do Grao en Física refírense aos cursos 2013-2014 e 2014-2015, cunha participación do 10.53% e 37.50% respectivamente. Os resultados son sempre superiores no segundo caso e bastante dispares en xeral. A valoración global é de 3.41 respecto de a titulación, que se pode desglosar nun 3.67 para a formación teórica e un 3.40 para a práctica, por encima da media da USC. Como xa se mencionou noutros apartados deste informe, os mellores resultados obtéñense na adquisición de competencias de aprendizaxe autónoma e capacidade de análise. Tamén se obteñen bos resultados na satisfacción coa mobilidade e os recursos tecnolóxicos e a biblioteca. As peores valoracións atópanse nas infraestructuras, o profesorado. Realmente, a disparidade das respostas e a pouca participación nun dos cursos aconsellan deixar unha análise máis rigorosa dos resultados para anos vindeiros, cando se dispoña de maior volume de datos e perspectiva temporal sobre evolución dos mesmos.

No Informe de Enquisa de satisfacción dos Egresados do Máster en Física no curso 2014/2015 sinálase un grado de satisfacción baixo coa formación práctica recibida cun 2,33 (sobre 5), sendo a media da USC para ese indicador tamén baixa (2,85). A incorporación de prácticas externas espera mellorar este indicador no futuro, así como

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 11 de 37

esperamos que a modificación da metodoloxía en materias como, por exemplo, Física Computacional Avanzada ou outras con créditos interactivos de laboratorio, mellore os do curso 15/16, que aínda non se realizaron. Outro item que no curso 2014/15 foi pouco valorado é “Considero que hai coordinación entre os distinto profesorado da materia”, cun 2,90 sobre 5. Os mecanismos de coordinación activados a nivel de materia e especialidade pretendían superar esta debilidade no curso 15/16; ao non recibir queixas respecto diso esperamos que este indicador mellore. A adecuación dos horarios, calendario académico e exames recibiu unha valoración de 2 por contraposición á media global dun 3,01. A razón radica, probablemente, en que en xeral, o estudantado non tiña un horario continuado. Isto debíase a que non había superposición temporal de optativas libres para que o alumno poidera matricularse en calquera combinación de materias.

Indices de satisfacción do persoal de administración e servizos

Revela unha valoración total aceptable (3.80 e 3.67), aínda que en lixeira diminución e que deixa entrever certa inquietude en canto a carga de traballo e funcións. As actividades formativas dirixidas ao PAS son moi ben valoradas con media de case 4 puntos sobre 5.

A maioría das valoracións son superiores a 3 sobre 5. É o caso de “As miñas funcións e responsabilidades están claramente definidas?” cunha media de 3,17/5 ou “Me sento parte dun equipo de traballo”, cunha media de 3,50/5. Destaca, con todo, o ítem “O sistema de reparto de cargas de traballo é acertado” que obtén unha valoración de 2,83, significativamente inferior á media global noutros centros (3,28) e inferior á expresada no curso anterior no propio centro. En xeral, este colectivo está satisfeito co seu traballo, recibindo este ítem unha valoración media no centro de 3,67 sobre 5 (a media global é 3,60/5).

Outros índices de satisfacción

Os índices de satisfacción de prácticas externas analizáronse noutros apartados do informe e son satisfactorios tanto por parte do alumnado, como dos titores externos e académicos.

Os índices totais de satisfacción coa mobilidade saínte mostran unha evolución positiva nos últimos cursos: 3.68 en 2013-2014, 3.95 en 2014-2015 e 4.07 en 2015-2016, aínda que o número de respostas á enquisa neste último curso é reducido fronte ao número de prazas adxudicadas. No desglose por ítems, case todos eles reflicten esta evolución positiva. As universidades de acollida están moi ben valoradas, o cal sería de esperar tendo en conta que as universidades europeas que se seleccionaron para asinar convenios Erasmus atópanse entre as mellor situadas nos rankings. O proceso de información e adjudicación de prazas tamén é ben valorado, e, sobre todo, o nivel de satisfacción coa experiencia vivida, que a maioría dos estudantes recomandan. Respecto de a mobilidade entrante, as enquisas non son significativas ao constar dunha soa resposta.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 12 de 37

Reclamaciones e queixas

O procedemento de reclamacións e queixas aplícanse con normalidad.

O número de reclamaciones de grao admitidas a trámite é reducido: 3 en 2014-2015 e 4 en 2015-2016 (menos do 1% con respecto ao alumnado matriculado), case todas por desacordo do alumno coas cualificacións e resólvense segundo o establecido por dita normativa. Todas as actuacións quedan rexistradas nas resolucións decanais, a información aportada polos implicados e as actas das comisións de reclamacións que se nomean en cada caso. Ante a Oficina de Análise de Reclamaciones da USC presentáronse 3 queixas ou suxestións en cada un dos dous últimos cursos, estimándose 1 e desestimándose 2. A temática é variada: certificaciones, expediente académico, intercambio, validaciones, etc. tratándose de casos illados e non recurrentes.

Nos masteres non houbo reclamaciones.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 13 de 37

3 Plan de Melloras do Centro

3.1 Revisión sobre o plan de melloras do curso 2015-2016

Presentamos en primeiro lugar unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2014-2015 e 2015/2016 que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento e plans de mellora das titulación impartidas no centro

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 14 de 37

GRADO EN FISICA LISTAXE DE ACCIÓNS CURSO 2014/2015 //2015-2016						
ID	ORIXE	DESCRIPCIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-01-FF/14/15	Seguimento de SGIC. Informes de seguimentos dos títulos	Substitución progresiva dos ordenadores da aula de informática de acceso libre por portátiles en préstamo.	Non nos concederon a axuda económica o curso pasado	Comisión de Calidade	30/12/2017	Non
AM-02-FF/14/15	Informe de seguimento	Elaboración do Plano Estratéxico da Facultade de Física	Rematada (Pendente da aprobación polo Consello de Goberno)	Comisión de Calidade	30/12/2015	Si
AM-03-FF/15-16	Informe de seguimento	Reposición planificada de medios audiovisuais (cañóns, lámpadas, equipo de videoconferencia, etc..)	En continua execución	Decano	30/12/2016	Si
AM-04-FF/15-16	Informe de seguimento	Ampliar cobertura wifi no centro	Rematada	Decano	Sen data	Si
AM-05-FF/15-16	Informe de seguimento	Actualización do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física	Acción de mellora en proceso de execución	Decano, Xunta de facultade	30/12/2016	Non
AM-06-FF/15-16	Informe de seguimento	Harmonizar os calendarios da oferta de temas e títulos, solicitudes, asignacións de defensa pública, etc. de TFG e de TFM para que sexan simultáneos.	Rematada	Coordinador Grao, Coordinadores Master e Comisións Académicas	30/12/2015	Si
AM-07-FF/15-16	Informe de seguimento	Programar sesións informativas sobre os TFG e TFM ofertados	En continua execución	Coordinador TFG	30/09/2016	Si
AM-08-FF/15-16	Informe de seguimento	Cursos de formación de profesorado (Python, Tratamento de datos,)	Rematada	PFID	30/12/2016	Si
AM-09-FF/15-16	Informe de seguimento	Plan de difusión das titulación do centro: charlas, xornadas de portas abertas, carteis e trípticos, redes sociais, webs, etc.	En continua execución	Decanato e Comisións Académicas	30/09/2016	Si
AM-10-FF/15-16	Informe de seguimento	Cursos de formación en LateX, LinuX, técnicas computacionais...	En continua execución	Coordinador Grao	30/12/2016	Si

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 15 de 37

AM-11- FF/15-16	Informe de seguimento	Dotación de novo equipamento informático á unidade de apoio a centros e departamentos	Rematada	Decanato	30/10/2016	Si
AM-12- FF/15-16	Informe de seguimento	Creación dunha delegación de alumnos como órgano de representación do alumnado	Acción de mellora en proceso de execución (pendente de que se celebren as eleccións a representates de alumnos)	Equipo decanal	30/12/2016	Non
AM-13- FF/15-16	Informe de seguimento	Realizar unha enquisa específica entre os graduados en Física durante os últimos 5 anos co fin de coñecer a súa situación profesional/laboral valorar os resultados do g	Acción de mellora en proceso de execución	Comisión do grao	30/12/2016	Non
AM-13.1- FF/15-16	Informe de seguimento	Deseño da enquisa/envío a egresados (subtarefa 1 da acción de mellora 13)	Rematada	Coordinador grao	30/12/2016	Si
AM-13.2- FF/15-16	Informe de seguimento	Analizar os resultados da enquisa aos egresados valorar os resultados do grao (subtarefa 2 da acción de mellora 13)	Acción de mellora en proceso de execución	Coordinador grao, equipo decanal	30/12/2016	Non
AM-14- FF/15-16	Informe de seguimento	O aumento da oferta de prazas de prácticas externas require concentrar as datas das convocatorias co fin de facer máis clara a oferta aos alumnos e simplificar o proceso de selección e asignación de empresas e institucións	Rematada	Equipo decanal	30/09/2016	Si
AM-15- FF/15-16	Informe de seguimento	Acondicionamento da Aula B (climatización, ventilación e baixa nivel de ruído).	Acción de mellora en proceso de execución	Comisión de calidade	30/12/2016	Non

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 16 de 37

MARTER DE FISICA. LISTAXE DE ACCIÓNS CURSO 2015-2016

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Informe de seguimento	Valorar a incorporación ao plan de estudos dunha materia optativa de prácticas externas	Rematada	Coordinador do Master	30/09/2016	Si
AM-2	Informe de seguimento	Realizar unha enquisa entre egresados coa finalidade de coñecer a súa situación profesional/laboral e realizar a análise oportuna	Rematada	Coordinador do Master	30/12/2016	Si
AM-3	Informe de seguimento	Ampliar o horario docente de 9:00 a 20:00h	Rematada	Coordinador do Master	30/12/2016	Si
AM-4	Informe de seguimento	Programar a reactivación da guía docente e da aula virtual do TFM	Rematada	Coordinador do Master	30/12/2016	Si

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 17 de 37

MARTER EN ENERXÍAS RENOVABLES E SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA. LISTAXE DE ACCIÓNS CURSO 2015-2016						
ID	ORIXE	DESCRIBIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Informe de seguimento	Propuesta de creación dunha Comisión de Coordinación	Rematada	Coordinadora do Master	30/12/2016	Si
AM-2	Informe de seguimento	Reformulación do plano de estudos e inclusión de dita proposta	Rematada	Coordinadora do Master	31/05/2016	Si
AM-3	Informe de seguimento	Revisión do SGIC do centro, simplificación e adaptación ás particularidades da Facultade	Rematada	Coordinadora do Master	29/07/2016	Si
AM-4	Informe de seguimento	Reflexión por parte da Comisión Académica do Título do estado de execución das propostas de mellora plantexadas	Rematada	Coordinadora do Master	30/12/2016	Si
AM-5	Informe de seguimento	Reflexión sobre o grado de adquisición das competencias por parte dos alumnos	Rematada	Coordinadora do Master	30/12/2016	Si
AM-6	Informe de seguimento	Reflexión por parte da Comisión académica da posible actuación por constatar uns valores de graduación inferiores aos recollidos na memoria de verificación	Rematada	Coordinadora do Master	13/12/2016	Si
AM-7	Informe de seguimento	Constituir o Comité Consultivo que permita obter máis información sobre o plano de estudos	Rematada	Coordinadora do Master	13/12/2016	Si
AM-8	Informe de seguimento	Elaboración e presentación dunha nova memoria: 4ª edición do Master	Rematada	Coordinadora do Master	30/12/2016	Si

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 18 de 37

3-2 Plan de melloras do curso 2016-2017

A continuación, presentamos o plan de melloras da Facultade de Física para o curso 2016-2017.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 19 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación		Criterio 3:SGC
				Criterio 6:Resultados
	Definición	Definición	Análise causa	Non se dispón de datos sobre a inserción laboral dos egresados de grao e mestrado.
			Definición/descripción proposta	Realizar enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laborar e valorar os resultados dos títulos
			Data prevista de finalización	30/09/2017
			Data inicio	2015-2016
Responsables	Responsable da implantación	Decano Coordinador/Comisión de Grao		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 20 de 37

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Xestión de título 1.3 Coordinación
		Análise causa	Coa implantación dos dobres graos é preciso desenvolver medidas de coordinación entre os centros responsables.	
		Definición/descripción proposta	Medidas de coordinación dos dobres graos nas correspondentes facultades	
		Data prevista de finalización	Setembro 2017	
		Data inicio	Setembro 2016	
	Responsables	Responsable da implantación	Decano Coordinador/Comisión de grao	
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 21 de 37

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-3 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Xestión do título Criterio5: Recursos materiais e de servizos	
		Definición	Análise causa	Descenso da demanda de prácticas externas
	Definición/descripción proposta		Fomento das prácticas externas mediante xornadas informativas e oferta de prazas en departamentos e institutos	
	Data prevista de finalización		Setembro 2017	
	Data inicio		Setembro 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Coordinador/Comisión de grao Coordinadores de prácticas/titores externos		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 22 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación		Criterio 5: Recursos materiais e de servizos Criterio 6: Resultados Criterio 7: Indicadores
	Definición	Definición	Análise causa	Alta taxa de abandono no Grao en Física
			Definición/descrición proposta	Reforzar o plan titorial incrementando o papel dos alumnos titores, e potenciando actividades como cursos e conferencias
			Data prevista de finalización	Setembro 2017
			Data inicio	Setembro 2016
Responsables	Responsable da implantación		Decano Coordinador/Comisión de grao	
Finalización	Estado		Activa	
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 23 de 37

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. SGC	
			Criterios5: Recursos materiais e de servizos	
	Definición	Definición	Análise causa	Detectouse unha escasa representación do estudantado
			Definición/descrición proposta	Crear unha delegación de estudantado que sirva como guía de comunicación con todo o alumnado co obxectivo de : Reforzar o plan tutorial do centro para mellorar os indicadores do SGIC, incentivar a participación do alumnado na planificación dos distintos procedementos e incentivar a participación do estudantado na realización das enquisas.
			Data prevista de finalización	Setembro 2017
			Data inicio	Curso 2015-2016
Responsables	Responsable da implantación	Decano Coordinador/Comisión de grao		
Tarefa1	Código	AM-5 .1 16-17		
	Descrición tarefa	Constitución provisional da delegación		
	Data prevista de finalización	30/04/2017		
	Persoa responsable	Coordinador de grao /Comisión de grao		

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 24 de 37

Tarefa2	Código	AM-5.2 16-17
	Descrición tarefa	Elaboración do regulamento provisional de funcionamento
	Data prevista de finalización	15/06/2017
	Persoa responsable	Coordinador de grao /Comisión de grao
Tarefa3	Código	AM-5.3 16-17
	Descrición tarefa	Constitución definitiva da delegación
	Data prevista de finalización	30/06/2017
	Persoa responsable	Coordinador de grao /Comisión de grao
Tarefa4	Código	AM-5.4 16-17
	Descrición tarefa	Aprobación do regulamento na Xunta de Facultade
	Data prevista de finalización	20/12/2017
	Persoa responsable	Coordinador de grao /Comisión de grao

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 25 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-6 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e de servizos
		Análise causa	O alumnado non dispón de infraestruturas adecuadas para as actividades de representación estudiantil.	
		Definición/descrición proposta	Proporcionar ao estudantado un local adecuado para facer reunións, labores de presentación, actividades culturais	
		Data prevista de finalización	Setembro 2017	
		Data inicio	Setembro 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Decano		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 26 de 37

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-7 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3: SGC Criterios 7: Indicadores	
		Definición	Análise causa	Baixa participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción
	Definición/descripción proposta		Realizar unha campaña para fomentar a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción coa docencia	
	Data prevista de finalización		01/05/ 2017	
	Data inicio		10/10/ 2016	
	Responsables	Responsable da implantación	Decano Comisión de calidade Coordinador/Comisión de grao	
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 27 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-8 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento	
			Criterio 6: Resultados	
	Definición	Definición	Análise causa	Detectáronse problemas de coordinación na actuación dos tribunais de TFG.
			Definición/descripción proposta	Realizar reunións de coordinación cos membros dos tribunais de TFG e unificar criterios
			Data prevista de finalización	Setembro 2017
			Data inicio	Setembro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decano Coordinador/Comisión de TFG/Comisión de grao		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 28 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-9 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
		Análise causa	Detectáronse problemas na asignación de prazas de mobilidade derivados da inexistencia de criterios para a súa asignación.	
		Definición/descripción proposta	Introducir criterios como a adecuación do acordo de estudos ou a antigüidade do alumno no proceso de asignación de prazas de mobilidade	
		Data prevista de finalización	Xuño 2017	
		Data inicio	Setembro 2016	
	Responsables	Responsable da implantación	RAM Coordinadores de mobilidade	
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Página 29 de 37

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-10 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e de servizos
			Análise causa	O número de matriculados de novo ingreso no Máster en Física non acadada o mínimo establecido polo Decreto 222/2011 do 2 de decembro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
			Definición/descripción proposta	Ofertar contratos de investigación para a realización de TFM en áreas de investigación estratéxica para AEFIS
			Data prevista de finalización	30/12/2016
		Data inicio	1/06/2016	
	Responsables		Responsable da implantación	Decano
Finalización		Estado	Finalizada	
		Data estado	14/10/2016	
		Comprobación	Ofertáronse 5 contratos mediante convocatoria de 20/05/2016 e correspondente resolución publicouse o 14/10/2016	
		Data comprobación	20/10/2016	

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 30 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-11 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterios: Recursos materiais e de servizos
		Análise causa	A carga ECTS do TFM no Máster de Física é pouca tendo en conta o traballo persoal do estudantado	
		Definición/descripción proposta	Incrementar a asignación de ECTS no TFM a 15.	
		Data prevista de finalización	30/12/2017	
		Data inicio	20/01/2017	
Responsables	Responsable da implantación	Decano		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 31 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-12 16-17
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Memoria de verificación
		Análise causa	Baixa demanda do Máster en Física considerando os requisitos da normativa autonómica
	Definición	Definición/descrición proposta	Deseñar unha orientación de mercado carácter tecnolóxico que incorpore contidos de fotónica e láser, física médica e tenoloxía de materiais.
		Data prevista de finalización	30/12/2017
		Data inicio	20/01/2017
		Responsables	Responsable da implantación
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado	06/03/2017	
	Comprobación	A CAM autorizou a inclusión para o curso 2017/2018, de tres materias optativas (Sistemas Láser, Fotónica de semicondutores e Metroloxía e sensores) que pasaran a formas parte, no futuro , da chamada orientación tecnolóxica	
	Data comprobación		

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 32 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-13- 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación		Criterio 3 :Recursos materiais
				Criterio 6: Resultados
	Definición	Definición	Análise causa	Baixa demanda do Máster en Física atendendo aos requerimentos de matrícula da normativa autonómica
			Definición/descripción proposta	Publicidade interna e externa da titulación
			Data prevista de finalización	2016-2017
			Data inicio	2015-2016
Responsables	Responsable da implantación	Coordinador do Máster, Comisión Académica		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 33 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-14 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3:Recursos Materiais
		Análise causa	Detéctase que os equipos informáticos da aula de informática de acceso libre están obsoletos e deberían ser renovados.	
		Definición/descripción proposta	Substitución progresiva dos ordenadores da nova aula de informática de acceso libre por portátiles en préstamo	
		Data prevista de finalización	2017-2018	
		Data inicio	2016-2017	
	Responsables	Responsable da implantación	Comisión de Calidade	
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 34 de 37

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-15 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3: Recursos Materiais
		Análise causa	Necesidade de actualización dos laboratorios docentes	
		Definición/descripción proposta	Incorporación de novas prácticas que complementen as existentes	
		Data prevista de finalización	2017-2018	
		Data inicio	2016-2017	
	Responsables	Responsable da implantación	Decanato Comisión Coordinadores de Laboratorio	
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 35 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-16 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3: Recursos Materiais
		Análise causa	Detéctase material informático para a docencia obsoleto que é preciso renovar nos próximos cursos.	
		Definición/descripción proposta	Reposición planificada de medios audiovisuais (cañons, lámpadas, equipo de videoconferencia, pizarras electrónicas...)	
		Data prevista de finalización	2017-2018	
		Data inicio	2016-2017	
	Responsables	Responsable da implantación	Decano	
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
	FORMATO	Páxina 36 de 37

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-17 16-17	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3: Recursos Materiais
		Análise causa	A nova aula de informática e a Aula Magna non dispoñen de material informático para a docencia.	
		Definición/descripción proposta	Novos ordenadores da nova aula de Informática e da aula Magna	
		Data prevista de finalización	2017-2018	
		Data inicio	2016-2017	
	Responsables	Responsable da implantación	Decano	
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			